

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 15 DE MARZO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día quince de Marzo de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Coma Secretario accidental actúa Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó exame e estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 9 de Marzo corrente.

2.- LICENCIAS DE OBRAS.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Antonio Rodríguez Gómez, representado por Don Benito Rodríguez, veciño de Sampaio, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca sita no devandito lugar de Sampaio, estrada de Castrelo, fronte ó número 25, a Comisión de Goberno, tendo en conta o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, acorda comunicar ó interesado que se acha pendente nesta zona o desenvolvemento da figura urbanística nomeada Estudio de Detalle; unha vez aprobado definitivamente este Estudio de Detalle, facilitarase ó interesado a correspondente información urbanística.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Dona María del Carmen Gil Pazos, veciña desta Vila, sobre obras de reforma no edificio nº 11, da rúa Rego de Auga, a Comisión de Goberno

acorda dar traslado á interesada do dictame da Comisión Territorial de Patrimonio, que di o seguinte: "Deberá remitir proxecto técnico que se adapte ós criterios seguintes, co gallo de proceder á legalización da obra se así procede: a carpintería será de madeira pintada; prohíbense as persianas de PVC, buscando unha solución tipo contra; a cuberta será de tella curva do país; os canalóns e baixantes en material metálico; os balcóns resolveranse con pedra textura e cor semellante ó resto do edificio; os letreiros adaptaranse á normativa que rexe para os Conxuntos Histórico-Artísticos. PRESENTARA UNHA PROPOSTA ADAPTADA A ESAS CONSIDERACIONES".- Tamén a Comisión de Goberno acorda face-lo pronunciamento de que estas obras de reforma e mesmo o establecemento de local comercial na planta baixa deste inmovible, polas razóns expostas, non dispoñen de licencia municipal, a cal fica supeditada, en todo caso, á aprobación pola Comisión Territorial de Patrimonio do novo proxecto que se ten que presentar. Sen prexuízo dos recursos que se sinalan polo que atinxe a este concreto acordo municipal, cómpre establecer que, contra a resolución concreta do Patrimonio Histórico e Documental pode interpo-la interesada recurso de alzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Xuventude no prazo de quince días a partir do recibimento da notificación deste acordo.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda remitir de novo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, unha vez que hai novos informes do Técnico Municipal, ós efectos de calificación e demais que procedan, os expedientes números 68/50 e 68/51, a instancia de Dona Laura Travieso Lorenzo e Don Francisco Javier Rivera Fernández, respectivamente, sobre exposición e venda de productos fitosanitarios.

Visto o expediente tramitado no seu día a instancia de Don Manuel Centrón González, veciño de San Cristovo, sobre a actividade de taller para a reparación de maquinaria agrícola; e visto o informe do Sr. Aparellador Municipal de data 12 de Marzo corrente, esta Comisión de Goberno, acorda que se remita o expediente á Delegación de Industria a fin de que polos técnicos da mesma, despois da correspondente visita se informe axeitadamente sobre as instalacións, en evitación de prexuízos ó Sr. Centrón González.

Visto o escrito de Don Modesto Gómez González, veciño de Sampaio, na súa calidade de Presidente da Asociación de Veciños da parroquia de Sampaio, no que prega se lle facilite o local do andar superior da Escola de Sampaio, para ser compartido coa Comisión de Montes, para as actividades da Asociación de Veciños, a Comisión de Goberno acorda acceder ó solicitado,

precisando que a utilización deste local será única e exclusivamente para xuntanzas da directiva da Asociación e mesmo para tarefas burocráticas de oficina; en canto á celebración de asembleas, deberá utilizarse a planta baixa do inmovible, sempre axeitando as datas coa Comisión de Montes.

Visto o escrito de Froitas Neisa S.C. de Ourense, con domicilio na rúa Irmás Martínez Risco, nº 2, 1º B, que prega a adxudicación dun posto de venda ambulante de froitas nas feiras desta Vila dos días 10 e 25 de cada mes, a Comisión de Goberno acorda comunicar á interesada que, polo momento, non hai nada decidido sobre a adxudicación de postos de venda deste carácter, se ben, e unha vez comprobada a documentación aportada, obsérvase que non se presenta documento sanitario sobre manipulación de alimentos e mesmo a licencia de actividades económicas para o exercicio da actividade.

Visto o escrito de Don Manuel González Cuíñas, veciño de Francelos, no que prega se lle conceda licencia para acometida de auga, para uso de obra co gallo da construción dun pendello na rúa Loureiros, do devandito lugar, a Comisión de Goberno accede ó solicitado, precisando que a acometida deberá levarse a cabo baixo a supervisión dos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello do importe de 7.000 pesetas, polo concepto de taxa, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, no que prega información urbanística sobre terreos sitios na área de Santo Domingo, rúa de nova apertura nesta Vila; e vistos os informes técnicos do Sr. Aparellador Municipal e xurídico do Sr. Secretario, a Comisión de Goberno coida que se trata dun tema de moita complexidade, tendo en conta os antecedentes que se atopan no expediente, que acosellan un estudio moi detido, polo cal terá que ficar pendente para que se poida levar a cabo o devandito estudio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

En relación co informe técnico do Sr. Aparellador Municipal sobre a obra nº 460, do Plano Provincial de 1983, a Comisión de Goberno acorda que se pase o expediente completo ó Técnico Municipal ós efectos de estudia-la acta de recepción definitiva da devandita obra.

Visto o Parte de Novidades da Policía Local que fai referencia

a unha obra realizada por Don Guillermo López Carballal, nun local sito na rúa Maquiás, a Comisión de Goberno, por unanimidade, dispón que polo Sr. López Carballal se proceda inmediatamente ó valado do devandito solar de forma axeitada, para garanti-la seguridade das persoas; tamén se dispón que se proceda inmediatamente á reparación dos danos causados na beirarrúa co gallo das obras de desterro levadas a cabo.

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes escritos de carácter oficial:

Da Sociedade Española de Neumoloxía e Ciruxía Torácica que agradece o labor deste Concello co gallo da xuntanza de inverno da devandita Sociedade celebrada nesta Vila o pasado día 5 de Febreiro.

Escrito da Deputación Provincial sobre programa de actuacións para a implantación e realización da nova contabilidade, coa designación de Don Rafael Cid Fernández, Tesoureiro deste Concello, como monitor de zona.

Orde do 1 de Marzo de 1993, da Consellería de Industria e Comercio, que regula a concesión de axudas para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario.

Orde do 11 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Industria e Comercio, que establece a concesión de axudas para mellora-la eficacia enerxética.

Por último, coñece a Comisión de Goberno un expediente relacionado coa existencia dunha canle de rego ou "levada" nunha finca de Don Braulio Moroño Gulín, no Camiño dos Tarreos en Francelos. A Comisión de Goberno acorda interesar da dona do Sr. Moroño Gulín, a cal, ó parecer, é a propietaria dun terreo que linda coa devandita canle de auga, teña a ben presentar neste Concello os posibles documentos que acrediten, no seu caso, que a súa propiedade rebasa os lindes naturais do tantas veces citado rego de auga, no prazo de oito días a partir da notificación.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno acorda encargarse á empresa constructora Braña Sociedade Cooperativa Limitada a redacción do correspondente proxecto básico comprensivo da obra ACTUACIONES

NAS MARXES DO RIO AVIA O SEU PASO POLO NUCLEO URBANO DE RIBADAVIA, que incluírá traballos de campo, información básica, revisión bibliográfica, estudio de propostas de actuación, preparación de mapas e planos e elaboración definitiva deste proxecto básico, polo prezo de 977.500 pesetas, incluído IVE, e con cargo á consignación que hai neste intre no correspondente capítulo do Orzamento de Gastos de 1992 que se atopa prorrogado para 1993.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as oito e cuarto do serán o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-